

Tutorial Coppermine

1. INTRODUCCIÓN

Coppermine é un software que vai nos permitir xestionar a galería fotográfica do noso centro. A continuación observaremos que ten unha forma sinxela de manexo polo que non será difícil dominalo. Ao longo do seguinte tutorial manexaremos un exemplo baseado nun CEIP.

Para empezar deberemos identificarnos como administrador, premendo en iniciar sesión na parte superior na dereita.

[Home](#) :: [Iniciar sesión](#)
[Albums](#) :: [Últimos envíos](#) :: [Últimos comentarios](#) :: [Máis Vistos](#) :: [Fotos Mellor Cualificadas](#) :: [Os meus Favoritos](#) :: [Procurar](#)

Despois aparecerá unha ventá na que teremos que poñer o noso nome de usuario e a contrasinal.

Insire o seu nome de usuario e contrasinal para entrar

usuario

contrasinal

Gardar contrasinal

[Esquecín o meu contrasinal](#)

Unha vez dentro veremos que temos dous menús diferentes. O primeiro corresponde ao menú xeral.

[Home](#) :: [A Miña Galería](#) :: [Modo usuario](#) :: [Enviar foto](#) :: [Pechar sesión \[admin\]](#)
[Albums](#) :: [Últimos envíos](#) :: [Últimos comentarios](#) :: [Máis Vistos](#) :: [Fotos Mellor Cualificadas](#) :: [Os meus Favoritos](#) :: [Procurar](#)

O outro é o menú de administrador.

[Configuración](#) [Categorías](#) [Albums](#) [Grupos](#) [Usuarios](#) [Usuarios Baneados](#) [Revisar Comentarios](#) [Ordenar fotos](#) [Engadir Fotos](#) [Ferramentas Administrativas](#) [Os meus datos](#) [Documentación](#)

Agora imos ver para que serven.

1. MENÚ XERAL.

- Home: é a páxina principal e onde podemos ver todos os álbums.
- A miña galería: permite visualizar a galería predeterminada do usuario activo que atópase a utilizar esta opción.
- Modo usuario: o modo usuario esconde todas as características e opcións de administración. Servirá logo para navegar pola galería como se fose un usuario.
- Enviar foto: vai servir para subir as imaxes a nosa galería.
- Pechar sesión: serve para saír do coppermine.

- Álbums: permitirá ver a lista de álbums que se atopan na nosa galería.
- Últimos envíos: amósanos as últimas imaxes engadidas.
- Últimos comentarios: amósanos os últimos comentarios engadidos ás imaxes.
- Máis vistos: amósanos as imaxes máis vistas.
- Fotos mellor cualificadas: amósanos aquelas que foron mellor puntuadas dentro da galería.
- Os meus favoritos: amosa exclusivamente as imaxes que seleccionou como favoritas.
- Procurar: sirve para realizar unha procura de imaxes na galería.

2. MENÚ ADMINISTRATIVO.

- Configuración: aquí atopamos distintas opcións para configurar a galería. Logo veremos aquelas que máis nos interesan para personalizar a galería.
- Categorías: servirá para a creación e administración de categorías.
- Álbums: para a creación de álbums.
- Grupos: para a administración dos diferentes grupos de usuarios e os seus diferentes permisos sobre as galerías, arquivos ou cota máxima de capacidade.
- Usuarios: poderemos administrar aos diferentes usuarios da galería.
- Usuarios baneados: poderemos bloquear o acceso aos usuarios non desexados.
- Revisar comentarios: sirve para ver e administrar os comentarios en toda a galería.
- Ordenar fotos: poderemos ordenar as imaxes dentro de tódolos álbums.
- Engadir fotos: servirá para enviar fotos ao mesmo tempo.
- Ferramentas administrativas: temos algunhas ferramentas que axudarán a administrar a galería.
- Os meus datos: poderemos modificar o noso perfil.

- Documentación: temos información de axuda para manexar o coppermine.

2. COMEZAR A TRABALLAR CON COPPERMINE

O primeiro que imos facer será poñer nome a galería. Para iso imos a configuración e abrírase un menú moi completo con diferentes opcións. Non describiremos tódalas opcións pero é importante ir configurando a nosa galería. En configuración xeral podemos poñer o nome da galería que no exemplo é galería do taller 1.

▼ Configuración xeral	
Nome da Galería	Galería do Taller 1 ?

Tamén podemos elixir outro deseño para a galería. Para iso imos a configuración de temas e podemos cambiar pola plantilla que desexamos:


▼ Configuración de temas	
Tema	Classic ?
Amosar lista de temas	Classic ?
Amosar "restaurar" na selección de tema	EyeBall ?
Amosar FAQ	Fruity ?
Nome da ligazón do menú personalizado	Hardwired ?
URL da ligazón do menú personalizado	Igames ?
Amosar axuda do bbcode	Mac os x ?
Amosar o bloque indicando o cumprimento cos estándares nos temas definidos como conformes a XHTML e CSS	Project vii ?
Ruta á cabeceira de páxina personalizada que queres incluír	Rainy day ?
Ruta ó pé de páxina personalizado que queres incluír	Water drop ?
	<input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non ?
	<input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non ?

Despois de facer os cambios oportunos sempre temos gardar a configuración ou os cambios perderanse.

Expandir Todo	Gardar nova Configuración	Restaurar Configuración por defecto
-------------------------------	---	---

3. A CREACIÓN DE CATEGORÍAS

As categorías cumpren unha función organizativa dentro da nosa galería, e nos van a permitir agrupar os diferentes álbums que imos creando. Igual que cando creamos un álbum de fotos impresas temos unha imaxe mental do que queremos, do mesmo xeito temos que ter claro como imos a organizar as categorías. A medida que vaiamos engadindo fotos será máis difícil atopar unha en concreto, por iso dita organización debe ser o máis completa posible. Unha boa idea pode ser facer un esquema ou un mapa definido segundo os nosos intereses. Un exemplo pode ser o seguinte:



Tendo claro isto podemos empezar a creación de categorías. Para iso clicamos en categorías no menú do administrador. Como temos no esquema faremos dúas categorías principais e despois outras categorías dentro das mesmas.

A páxina na que nos atopamos agora ten dúas partes. Na parte de abaixo podemos crear as categorías. É moi doado, escribimos o nome da galería e se queremos unha descrición da mesma. Logo temos que darlle a actualizar/crear categoría que se atopa na parte inferior.

Captura de pantalla do formulario de creación de categorías:

actualizar/Crear categoría

Categoría Nai: * sen categoría *

Título da categoría: Curso escolar 2007-2008

Descrición da categoría [?]

actualizar/Crear categoría

Se queremos podemos crear unha categoría dentro doutra. Para iso escribimos o nome da categoría que queremos crear e seleccionamos en categoría nai a categoría na que vai ir. Despois temos que actualizar.

A medida que imos creando as diferentes categorías, podemos ver como na parte de enriba amósanse as mesmas. Aí é onde imos administralas.

Categoría	Operacións			Mover a
User galleries				* sen categoría *
Instalacións do CEIP				* sen categoría *
interior				Instalacións do CEIP
exterior				Instalacións do CEIP
Curso escolar 2007-2008				* sen categoría *
nadal				Curso escolar 2007-2008
entroido				Curso escolar 2007-2008
excursión				Curso escolar 2007-2008
celebracións				Curso escolar 2007-2008
festival de fin de curso				Curso escolar 2007-2008

Ordenar categorías alfabéticamente (en troques de utilizar a orde personalizada) Si Non

No exemplo móstranse tódalas categorías que creamos seguindo o noso esquema. Agora podemos ordenalas de diferentes maneiras. Na parte inferior temos a opción de ordenalas alfabeticamente, para iso seleccionamos si e actualizamos.

Pero podemos organizala manualmente. Na parte superior da administración de categorías temos un campo no que pon “operacións”. Os símbolos que alí se amosan serven para o seguinte:

- Serve para mover a categoría arriba.
- Serve para mover a categoría abaixo.
- Serve para borrar a correspondente categoría.
- Serve para editar información correspondente da categoría.


Estas opcións permiten xogar coas categorías dun modo sinxelo. Sen embargo, con elas non podemos cambiar unha categoría para dentro doutra ou viceversa. Para iso teríamos que utilizar o campo “mover a” e seleccionar na que queiramos mover o destino.



Unha vez creadas as categorías, podemos crear os nosos álbums.

4. CREACIÓN DE ÁLBUMS

Ao igual que pasaba nas categorías, os álbums entran dentro desa organización da galería. Aquí é onde imos a subir tódalas fotos. Para iso teremos que premer en álbums do menú do administrador e xa nos leva a unha páxina distinta.

Para crear un álbum primeiro seleccionamos a categoría na que queremos meter o álbum en “selecciona unha categoría”. Logo clicamos en novo e poñemos o nome desexado do álbum. No exemplo crearemos dous, un co nome de primaria e outro de infantil. Logo temos que premer en aplicar modificacións para gardar os cambios.



Coas frechas  e  podemos cambiar a orde dos álbums.

Se agora prememos en “home” no menú de usuario veremos que a nosa galería vai tomando forma.


5. SUBIR IMAXES

Para subir as imaxes temos que darlle a “enviar foto” no menú de usuario, e xa accedemos ao lugar indicado para comezar a subilas. Prestaremos atención á opción de envío de arquivos que é a que imos a usar.

Alí temos a posibilidade de subir de cinco en cinco fotos como máximo. Se non sabemos de memoria a localización das imaxes, prememos en examinar e as imos seleccionando.

Envío de arquivos:	
1.	C:\Documents and Settings\valfonso\Escritorio <input type="button" value="Examinar..."/>
2.	C:\Documents and Settings\valfonso\Escritorio <input type="button" value="Examinar..."/>
3.	C:\Documents and Settings\valfonso\Escritorio <input type="button" value="Examinar..."/>
4.	C:\Documents and Settings\valfonso\Escritorio <input type="button" value="Examinar..."/>
5.	C:\Documents and Settings\valfonso\Escritorio <input type="button" value="Examinar..."/>

Despois temos que premer en continuar para realizar a acción.



Agora iranse amosando as imaxes individualmente para que poidamos poñerlle un nome, unha descrición se o desexamos e poñer o álbum no que queremos que vaia a foto. Ademais podemos poñer palabras chave que servirán para definir máis a procura das mesmas. Coppermine vai almacenando as palabras chave, de xeito que se prememos en insire lista, na parte inferior esquerda, apareceranos unha lista coas utilizadas ata o momento. Cando se introducen imaxes por primeira vez, loxicamente non haberá palabras chave almacenadas.

Envío de Foto

Foto - nadal.jpg

Por favor insire os arquivos no album agora. Debes tamén inserir informacións sobre cada arquivo agora.

album: Fotos de infantil

Título da Foto: Árbore

Descripción da Foto (Z): Elaborada na aula de infantil do centro

Palabras-Chave (separado con espazos): infantil árbore escola mural

Insire a lista

máis arquivos precisan ser colocados. Por favor preme en 'Continuar'.

Seguiremos o mesmo proceso con tódalas imaxes dándolle a continuar.

6. ORDENAR FOTOS

Agora que xa temos algunhas imaxes subidas podemos se o desexamos organizalas segundo nos conveña. Teremos que ir a “ordenar fotos” do menú de administrador. Primeiro seleccionamos o álbum no que se atopan as imaxes, logo clicamos na imaxe que queremos mover e utilizamos as frechas ▲ e ▼ para movelas polo menú e poñelas no orden que desexemos. Logo de facelo temos como sempre que gardar os cambios premendo en “aplicar modificacións”.



7. NAVEGACIÓN

Navegar por coppermine é moi sinxelo. Na páxina de inicio aparecerán tódalas categorías creadas. Clicando nunha categoría en concreto unicamente amosarase esa categoría. Se temos algún álbum creado en esa categoría aparecerán algunhas opcións para os mesmos.



As opcións son:

- Eliminar: serve para borrar o álbum e todo o seu contido.
- Propiedades: cambiar información relativa o álbum, e opcións de permisos relativos ao mesmo.
- Editar fotos: cambiar información relativa ás imaxes do álbum.

Cando prememos nun álbum se nos amosarán as imaxes en tamaño reducido. Para ver as imaxes no seu tamaño orixinal haberá que pinchar nas imaxes desexadas. Ao facelo, coppermine facilita outras opcións:




- 🏠 voltar á páxina de miniaturas.
- 📘 amosar/ocultar información do arquivo.
- 🖼️ presentación de imaxes
- ✉️ enviar o arquivo como postal.
- ⏪ ver arquivo anterior.
- ⏩ ver arquivo seguinte.

Na parte inferior podemos realizar as seguintes opcións coa imaxe.



Tamén podemos valorar a imaxe que estamos a ver.



8. CREACIÓN DE USUARIOS E GRUPOS

Para as opcións de grupo temos que ir a grupos no menú do administrador. Hai varios tipos de usuarios diferenciados en cinco grupos. Podemos poñer o nome que queiramos aos grupos, pero de maneira predeterminada serán os seguintes:

- administradores
- rexistrados (registered)
- invitados (guests)
- baneados (banned)
- profesorado

Grupo ?	Permisos ?	Subir albums publicos	Galería persoal ?	Método de "subida" (Maneira de inseri-la imaxen)
Administrators Espazo: 0 KB album(s) asignados	Posición <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Postais <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Comentarios <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido/a <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprovar <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido/a <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprovar <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	No. de caixas <input type="radio"/> variable <input checked="" type="radio"/> fixo/a Caixas de subida de arquivos: 10 Caixas de subida de URI: 3
Registered Espazo: 1024 KB album(s) asignados	Posición <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Postais <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Comentarios <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido/a <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprovar <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido/a <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprovar <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	No. de caixas <input type="radio"/> variable <input checked="" type="radio"/> fixo/a Caixas de subida de arquivos: 5 Caixas de subida de URI: 3
Guests Espazo: 0 KB album(s) asignados	Posición <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Postais <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Comentarios <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido/a <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprovar <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido/a <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprovar <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	No. de caixas <input type="radio"/> variable <input checked="" type="radio"/> fixo/a Caixas de subida de arquivos: 5 Caixas de subida de URI: 3
Banned Espazo: 0 KB album(s) asignados	Posición <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Postais <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Comentarios <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido/a <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprovar <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido/a <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprovar <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	No. de caixas <input type="radio"/> variable <input checked="" type="radio"/> fixo/a Caixas de subida de arquivos: 0 Caixas de subida de URI: 0
Profesorado Espazo: 0 KB album(s) asignados	Posición <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Postais <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Comentarios <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non	Permitido/a <input checked="" type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non Aprovar <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	Permitido/a <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non Aprovar <input type="radio"/> Si <input checked="" type="radio"/> Non	No. de caixas <input type="radio"/> variable <input checked="" type="radio"/> fixo/a Caixas de subida de arquivos: 5 Caixas de subida de URI: 3

Imos a explicar seguindo a barra de información superior:

Grupo ?	Permisos ?	Subir albums publicos	Galería persoal ?	Método de "subida" (Maneira de inseri-la imaxen)
---------	------------	-----------------------	-------------------	--

Grupo

Alí aparecen tódolos grupos. Para cambiar o nome temos que picar no mesmo e poñer o desexado. En espazo podemos poñer o tamaño que queiramos de que dispoñan os usuarios habilitados para ter unha galería persoal. E en álbums asignados podemos picar para asignar álbums ao grupo.

Grupo ?

Administrators

Espazo: 0 KB

album(s) asignados

Seguindo pola barra de información atopámonos con permisos.

Permisos ?

Posición	<input checked="" type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Postais	<input checked="" type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Comentarios	<input checked="" type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non

Aquí configuramos o que os usuarios do grupo poden ou non poden facer. Para iso seleccionamos si ou non onde corresponda. En posición permite ao grupo puntuar imaxes. En postais podemos enviar postais e en comentarios poderemos engadir opinións sobre as imaxes.

Subir albums publicos

Permitido/a	<input checked="" type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Aprovar	<input type="radio"/> Si	<input checked="" type="radio"/> Non

En subir álbums públicos podemos permitir que se suban arquivos, para iso teremos que permitir a acción.

Galería persoal ?

Permitido/a	<input checked="" type="radio"/> Si	<input type="radio"/> Non
Aprovar	<input type="radio"/> Si	<input checked="" type="radio"/> Non

Para habilitar unha galería persoal temos que poñer si no grupo correspondente.

Tanto en subir álbums públicos como en galería persoal aparece a opción aprobar. Se poñemos si nesta opción quere dicir que o administrador ten que autorizar a acción. En caso contrario a acción faise automaticamente.

Método de "subida" (Maneira de inseri-la imaxen)

No. de caixas	<input type="radio"/> variable	<input checked="" type="radio"/> fixo/a
Caixas de subida de arquivos:	10	<input type="button" value="v"/>
Caixas de subida de URI:	3	<input type="button" value="v"/>

A continuación poderemos decidir o tipo de subidas. Como os arquivos se subirán do modo explicado anteriormente, interézanos en caixas de subida de arquivos poñer o máximo número de caixas. Así, podemos subir as imaxes de dez en dez. Anteriormente (neste tutorial), o fixemos con cinco fotos.

<input type="button" value="Aplicar modificacións"/>	<input type="button" value="Crear novo grupo"/>	<input type="button" value="Apagar grupo(s) seleccionado(s)"/>
--	---	--

Cada vez que fagamos cambios temos que aplicar as modificacións. Ademais podemos crear un novo grupo se prememos en crear novo grupo ou pola contra podemos borrar un grupo premendo en apagar grupo seleccionado.


Para ver ós usuarios da galería temos que ir a usuarios no menú do administrador.

Xestor de usuarios ?							Listar usuarios por: Data de rexistro Descendente ▼
<input type="checkbox"/>	usuario ▲▼	Grupo ▲▼	Rexistro ▲▼	Última Visita ▲▼	Fotos ▲▼	Espazo utilizado ▲▼	Cuota de Espazo

Podemos ordenar os usuarios de diferentes xeitos. Para iso na parte de enriba á dereita podemos seleccionar o que máis nos interese.

Coas frechas que temos ao lado de usuario podemos colocar ou ben por orden alfabético ascendente ou descendente.

Ademais se nos amosa a data de rexistro, última visita, grupo o que pertence, fotos subidas, espazo utilizado e cuota de espacio.



Premendo na e podemos editar a información do usuario, así como trocar o contrasinal.



Podemos realizar distintas opcións cando seleccionamos un usuario. Eliminar, activar, desactivar, restaurar contrasinal, mudar grupo de membros primario e engadir grupo de membros secundario.



Tamén temos a opción de crear novo usuario, e buscar usuarios introducindo o nome do usuario a buscar e premendo en dálle.

Dende o menú de administrador tamén podemos editar a información do usuario en os meus datos.




Logo de facelo, prememos en gardar modificacións e xa está.

Attribution-NonCommercial-ShareAlike 2.5 Spain

You are free:

-  to Share - to copy, distribute and transmit the work
-  to Remix - to adapt the work

Under the following conditions:

-  Attribution. You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
-  Noncommercial. You may not use this work for commercial purposes.
-  Share Alike. If you alter, transform, or build upon this work, you may distribute the resulting work only under the same or similar license to this one.
 - For any reuse or distribution, you must make clear to others the license terms of this work. The best way to do this is with a link to this web page.
 - Any of the above conditions can be waived if you get permission from the copyright holder.
 - Nothing in this license impairs or restricts the author's moral rights.